

Os números naturais

Nome e apelidos:

Curso: Data:

OS NÚMEROS NATURAIS

O SISTEMA DE NUMERACIÓN DECIMAL

- O noso sistema de numeración é decimal: 10 unidades dunha orde calquera fan unha unidade da orde inmediata superior.

① Completa.

a) 1 DM = C

b) 1 = 10 000 D

CM	DM	UM	C	D	U
	1	0	0		
1	0	0	0	0	

- O noso sistema de numeración é posicional: o valor dunha cifra depende do lugar que ocupa.

② Completa.

a) 8 DM = U

b) 8 C = U

CM	DM	UM	C	D	U
5	8	3	8	1	7

REDONDEO A UNHA DETERMINADA ORDE DE UNIDADES

- Substitúense por zeros todas as cifras á dereita desa orde.
- Se a primeira cifra suprimida é maior ou igual ca 5, súmaselle unha unidade á cifra anterior.

③ Redondea.

288 399 →

ÁS DECENAS DE MILLAR	AOS MILLARES	ÁS CENTENAS

NÚMEROS GRANDES

	BILLÓNS			MILES DE MILLÓNS			MILLÓNS			CM	DM	UM	C	D	U
A →				1	3	8	2	0	0	0	0	0	0	0	0
B →	8	3	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

④ Escribe como se len os números A e B.


A →

B →

OPERACIÓN COMBINADAS

Nas expresións con operacións combinadas temos que atender:

- Primeiro, ás parénteses.
- Despois, ás multiplicacións e ás divisións.
- Por último, ás sumas e ás restas.



$$15 - 3 \cdot (8 - 6) = 15 - 3 \cdot 2 = 15 - 6 = 9$$

⑤ Completa.

$$3 \cdot 7 - 2 \cdot (12 - 8) = 21 - 2 \cdot \boxed{} = \boxed{} - \boxed{} = \boxed{}$$

Nome e apelidos:


Curso: Data:

AMAÑAMOS A CLASE

Nunha aula de 1.º de ESO na que hai 30 alumnos vanse facer uns amaños, para o que teñen que realizar algúns cálculos. Completa os que aquí che propoñemos.

- 1** Calcula o número de baldosas que se necesitan para o chan, que mide 6 m de ancho e 12 m de largo. As baldosas elixidas son cadradas, e xuntando dúas forman un rectángulo dun metro de longo. Fai estes cálculos:

a) Número de baldosas que caben ao ancho.



b) Número de baldosas que caben ao longo.

c) Número total de baldosas.

- 2** a) Catro baldosas custan 20 euros. Canto custan as baldosas de toda a clase?

b) Unha vez que se puxesen as baldosas, antes de que entren os pintores, deben ser cubertas cun enorme plástico para que non se estraguen. Que superficie debe ter ese plástico?

c) Adquiriuse un encerado que ten exactamente a superficie de 12 baldosas. Cal é esa superficie, en metros cadrados?

Nome e apelidos:

3 Para facer o traslado das baldosas desde a fábrica, hai que poñerse en contacto cun transportista, quen esixe saber estes datos.

a) Cada baldosa pesa 2 964 gramos. Cantos gramos pesan todas as baldosas?

b) Como se le esa cantidade?

c) Redondea esa cantidade aos millares.

d) Cantos quilos pesan, aproximadamente, as baldosas? (Lembra que 1 kg = 1 000 g).

4 a) A furgoneta do transportista pode levar 1 000 baldosas, e o seu camión, cinco veces esa cantidade. Cal é o peso aproximado, en quilogramos, que pode transportar a furgoneta? (Lembra que unha baldosa pesa 2 964 gramos).

b) E cantos quilogramos pode transportar o camión máis cá furgoneta?

c) Definitivamente, o transportista utiliza a furgoneta que leva, ademais, 9 sacos de cemento de 50 quilos cada un, e unha morea de ladrillos, ata completar a carga máxima do vehículo. Canto pesan, aproximadamente, os ladrillos?

5 Calcula e completa

a) $30 - 6 \cdot 3 - 4 \cdot 3 = 30 - \square - \square = \square - \square = \square$

b) $5 \cdot 12 - 8 \cdot (9 - 6) = \square - 8 \cdot \square = \square - \square = \square$

c) $3 \cdot (5 + 2) - 4 \cdot (12 - 7) = 3 \cdot \square - 4 \cdot \square = \square - \square = \square$

6 Calcula o cociente e o resto.

a) $685 : 63$

b) $1\,609 : 134$

Nome e apelidos:

Curso: Data:

IMOS DE EXCURSIÓN

Os alumnos dun colexio van realizar unha excursión a unha cidade que está a 175 km de distancia.

1 Ao inicio da viaxe, o contaquilómetros do autobús sinala 187 427 km. Contesta as seguintes preguntas fixándote nesta cantidade:

- Cantos millares de quilómetros percorreu o autobús? E centos de quilómetros?
- Cantos quilómetros faltan para que a cifra das centenas do contaquilómetros salte a 5?
- Cantos quilómetros debe percorrer o autobús para que o seu marcador indique 2 centenas de millar?
- Redondea os 187 427 quilómetros:
 - Ás decenas de millar.
 - Ás centenas.
- Cantos quilómetros indicará o marcador cando finalizase a excursión?

2 O autobús consome 18 litros de gasóleo cada 100 km.

- Calcula os litros que consumirá en toda a viaxe. Para iso, virache ben saber:
 - Os litros que consumirá en 100 km.
 - Os litros que consumirá en 50 km.
 - Os litros consumidos en total ($100 + 100 + 100 + 50$).
- Se un litro de combustible vale 70 céntimos, canto vale o combustible que se vai gastar na viaxe? Dá o resultado en euros e en céntimos.

3 Unha roda do autobús dá 35 voltas para percorrer 100 metros. Calcula:

- As voltas que dará unha roda para percorrer 1 quilómetro ($1 \text{ km} = 1\,000 \text{ m}$).
- As voltas que dará unha roda en todo o traxecto de ida e volta.

Nome e apelidos:

4 Para facer a excursión, o colexio contrata, por 336 euros, un autobús de 55 prazas, aínda que na actividade participan soamente 48 alumnos. Ademais, na cidade de destino visítase un museo cuxa entrada custa 3 euros, cun desconto de 6 euros por cada 12 alumnos. Ademais, faise unha visita guiada ao centro histórico, cuxo prezo é de 2 euros, aínda que ten un desconto de 2 euros por cada grupo de catro persoas. Calcula:

- a) O custo do autobús por alumno.
- b) O custo de todas as entradas ao museo.
- c) O importe da visita guiada.
- d) O prezo das dúas actividades para cada alumno.
- e) O prezo da excursión para cada alumno, tendo en conta a viaxe e as visitas.

5 Cada alumno entregou 12 euros para pagar a excursión.

a) Cantas moedas de cada tipo se necesitan para reunir esa cantidade? Completa a táboa:

	EN EUROS	EN MOEDAS DE 1 CÉNT.	EN MOEDAS DE 50 CÉNT.	EN MOEDAS DE 20 CÉNT.	EN MOEDAS DE 10 CÉNT.	EN MOEDAS DE 5 CÉNT.
PREZO POR PERSOA						

- b) Tendo en conta o custo real das actividades, canto diñeiro sobra por alumno?
- c) Despois da visita guiada, deciden tomar cada un un xeadro de 125 céntimos.
 - Cantos céntimos ten que engadir cada alumno ao fondo que sobraba?
 - Cantos céntimos teñen que engadir entre todos?
 - Cantos euros teñen que engadir entre todos?

Ficha de traballo A

- 1** a) 12
b) 24
c) 288
- 2** a) 1 440 €
b) 72 m²
c) 3 m²
- 3** a) 853 632 gramos
b) Oitocentos cincuenta e tres mil seiscientos trinta e dous gramos.
c) 854 000 g
d) 854 kg
- 4** a) Mil baldosas pesan 2 964 kg. A furgoneta pode transportar, aproximadamente, 3 000 kg.
b) O camión pode transportar, aproximadamente, 15 000 kg; é dicir, 12 000 kg máis cá furgoneta.
c) 1 700 kg
- 5** a) $30 - 18 - 12 = 30 - 30 = 0$
b) $60 - 8 \cdot 3 = 60 - 24 = 36$
c) $3 \cdot 7 - 4 \cdot 5 = 21 - 20 = 1$
- 6** a) Cociente = 10
Resto = 55
b) Cociente = 12
Resto = 1

Ficha de traballo B

- 1** a) 187 millares; 1 874 centenaes
b) 73 km
c) 12 573 km
d) Ás decenas de millar: 190 000
Ás centenas: 187 400
e) 187 777
- 2** a) 18 litros; 9 litros; 63 litros
b) 4 410 céntimos \approx 44 €
- 3** a) 350 voltas
b) 122 500 voltas
- 4** a) 7 euros
b) 120 euros
c) 72 euros
d) 4 euros cada alumno
e) 11 euros
- 5** a)

	EN EUROS	EN MOEDAS DE 1 CÉNT.	EN MOEDAS DE 50 CÉNT.	EN MOEDAS DE 20 CÉNT.	EN MOEDAS DE 10 CÉNT.	EN MOEDAS DE 5 CÉNT.
PREZO POR PERSOA	12	1 200	24	60	120	240

- b) 1 euro
c) 25 céntimos cada alumno.
1 200 céntimos entre todos.
12 euros entre todos.